

Declaración de interese para VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN de títulos de GRAO que se implanten no curso 2023/2024

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade, [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2021.

Denominación do título de GRAO proposto	GRAO EN TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN
Centro de impartición na UVIGO	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
Obxectivos do título	<ul style="list-style-type: none"> • Dominar o nivel oral e escrito das linguas de traballo (A, B e C), de cadanseu estándar e usos e das culturas e civilizacións que vehiculan. • Adquirir e desenvolver a competencia tradutora entre as linguas A e B e desde as linguas C. • Adquirir e desenvolver a competencia de interpretación nas modalidades de simultánea, consecutiva e de enlace entre as linguas A e B e desde as linguas C. • Adquirir a competencia tecnolóxica para manexar a variedade de recursos, contornos e ferramentas tecnolóxicas dispoñibles para a tradución, a interpretación, a xestión de proxectos, a accesibilidade, a localización etc. • Aplicar as competencias anteriores a encargos e contextos específicos: audiodescrición, subtítulado, interpretación de voz a texto, localización dobraxe, adaptación etc. • Avaliar a calidade, a revisión, a corrección, a posesión, o fluxo de traballo, o tratamento de textos e corpus, a terminoloxía e a xestión de proxectos de tradución. • Adquirir os coñecementos teóricos sobre tradución, interpretación, accesibilidade e lingüística aplicada ás tecnoloxías. • Adquirir o coñecemento sobre saídas e aspectos profesionais da tradución, a interpretación, a accesibilidade e a xestión documental multilingüe. • Coñecer os aspectos máis importantes relacionados co emprendemento, as formas de contratación, os aspectos legais e económicos, os estándares profesionais e os códigos éticos no ámbito da tradución e interpretación. • Adquirir os coñecementos sobre cultura e sociedade relacionados coas linguas A, B e C, así como sobre relacións internacionais, dereitos humanos e organismos internacionais.
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	10 de febreiro de 2022
Persoa de contacto no centro	Nome: JOSÉ MONTERO REGUERA
	Email: fft.decan@uvigo.es
	Teléfono: 647343170
	X Si <input type="checkbox"/> Non

<p>É a proposta unha modificación de oferta xa existente?</p>	<p>Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe: Grao en Tradución e Interpretación NOTA: as modificación que se pretende é profunda polo que, con toda probabilidade, deberá pasar polo procedemento de verificación.</p>
<p>É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas</p>	<p>X Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:</p>
<p>É unha proposta de carácter interuniversitario?</p>	<p>X Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:</p>
<p>Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>X Si</p> <p>Indicar cales:</p> <p>Requisito 1.- Existe unha demanda real por parte da sociedade e dos/das estudantes do título en Tradución e Interpretación que conta cun número de acceso á titulación de 120 estudantes; ademais, a combinación lingüística inglés-español ten todos os anos unha das notas de corte máis altas do Sistema Universitario de Galicia.</p> <p>Requisito 2.- Tendo en conta que é unha titulación única no Sistema Universitario de Galicia, o seu mercado laboral e a súa demanda por parte do estudantado de Galicia, o carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG é evidente.</p> <p>Requisito 3.- Posto que existe xa na Universidade de Vigo esta titulación e se trata dun cambio para adaptala ás novas necesidades do mercado e da formación, xa conta cos recursos dispoñibles para a súa impartición.</p> <p>Requisito 4.- Fomenta o espírito emprendor e o autoemprego en tanto que unha boa parte das e dos tituladas/os neste grao son ou ben autónomos ou teñen axencias de tradución e interpretación.</p> <p>Requisito 5.- É precisamente este requisito o que marca o inicio desta remodelación do título xa existente en tanto que supón unha oportunidade para a innovación docente e investigadora en tanto que supón unha reforma profunda que adaptará ao título ás novas necesidades sociais, institucionais e empresariais e o incardinará de xeito máis firme nas redes de calidade. Con respecto ao plano estratéxico da Universidade de Vigo, a reforma deste título supón traballar para conseguir os seguintes obxectivos do Plano Estratéxico da Universidade de Vigo: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8 e 9.</p> <p>Requisito 6.- Efectivamente se incluírán estes mecanismos</p> <p>Requisito 7.- Ao tratarse dunha titulación única no SUG os seus obxectivos e contidos non coinciden con outros títulos oficiais da Universidade de Vigo nin tampouco da Universidade da Coruña ou da Universidade de Santiago de Compostela..</p> <p>Requisito 8.- No supón o engadido dunha titulación nova ao SUG senón da modificación dunha titulación xa existente, co que non xera desequilibrio algún da oferta global galega.</p>
<p>Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Departamento de Tradución e Lingüística • Departamento de Filoloxía inglesa, francesa e alemá • Departamento de Filoloxía galega e latina

	<ul style="list-style-type: none"> • Departamento de Lingua española • Departamento de Literatura española • Departamento de Historia, Arte e Xeografía
<p>Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria</p>	<p>Cando se fai referencia ao grupo de traballo se trata aos diferentes grupos de traballo que a Xunta de Titulación do Grao en Tradución e Interpretación conformou para levar adiante o estudo e reforma da titulación. A proposta de comisión é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • José Montero Reguera, Decano do centro • Miguel Cuevas Alonso, Secretario do centro • Ana M. Pereira Rodríguez, Coordinadora do Grao en Tradución e Interpretación • M. Lourdes Lorenzo García, Coordinadora de Prácticas da Facultade de Filoloxía e Tradución • Iolanda Galanes Santos (PDI A), coordinadora do grupo de traballo de Transversalidade • María Rosa Pérez Rodríguez (PDI A), coordinadora do grupo de traballo de Linguas e Fundamentos Básicos • Luis Alonso Bacigalupe (PDI A), coordinador do grupo de traballo en optatividade e liñas de especialización • Pablo Romero Fresco (PDI B), co-coordinador do grupo de análise do mercado de traballo • Lara Domínguez Araújo (PDI B), co-coordinadora do grupo de análise do mercado de traballo • Liliana Valado Fernández (PDI A) • Esther Amosa Mendoza (PAS) • M. Blanca Miranda Rodas (Estudiante) • Joaquín García Domínguez (Estudiante)

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2023/2024 é o **11 de febreiro de 2022**.
- Enviar a verifica.grao@uvigo.es